



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, O MINISTERIO DE XUSTIZA, A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN XULGADOS E TRIBUNAIS**

Esta Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**Antecedentes:** Con data 15 de xullo de 2019 asinouse unha addenda ao convenio de colaboración para a realización de prácticas externas en xulgados e tribunais, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Vigo.

**Finalidade:** Para os efectos sinalados, vaise formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, co Ministerio de Xustiza e coa Universidade de Vigo un convenio de colaboración por un período de vixencia de catro anos naturais unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e que poderá ser prorrogable ó seu termo mediante acordo das partes por igual período. O obxecto deste convenio é a realización de prácticas externas polo alumnado matriculado na materia de prácticas académicas, de estudos oficiais de grao e/ou mestrado que imparte a Universidade de Vigo e sempre de titulacións relacionadas con profesións da Administración de xustiza, nos xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

Por unha banda, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo comprométese a permitir a realización das prácticas externas obxecto do





convenio, ase como a facilitar o acceso do alumnado ás sedes dos xulgados e tribunais.

E pola outra banda, a Universidade de Vigo comprométese a que a persoa ou persoas que exerzan a titoría das prácticas no órgano xudicial poidan gozar dos seguintes dereitos:

- Recoñecemento da súa actividade colaboradora mediante certificado que acredite o seu labor como titor de estudantes en prácticas.
- Ser informados da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio para o exercicio da súa función.
- Gozar das mesmas vantaxes ca o persoal da Universidade no acceso ás bibliotecas, instalacións deportivas ou actividades culturais, entre outras.

A colaboración que prestan o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e a Comunidade Autónoma de Galicia estará sempre supeditada ás necesidades e dispoñibilidades do xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas.

Establécense dúas modalidades de prácticas externas: curriculares e extracurriculares.

O alumnado será proposto pola persoa que exerza a dirección das prácticas externas da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo determinará a duración das prácticas externas.

O xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas nomeará a persoa ou persoas que exerzan de tutores, que fixarán o plan de traballo, orientarán os alumnos e farán un informe avaliando a actividade. O órgano xudicial expedirá un certificado acreditativo da participación dos alumnos.

O convenio non ten contido económico.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta  
Polígono de Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela



aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,

O director xeral de xustiza

Juan José Martín Álvarez



**Xacobeo 21-22**

CVE: ABGZSXTJ8  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

